

**Martín de 3º B cóntanos un conto con motivo da próxima celebración do día do libro.**

## **“Onde viven os monstros”**

**(Escrito por Maurice Sendak)**



**Escoita atentamente a Martín e logo responde ( con oracións longas ) ás seguintes cuestións:**

1. De que se disfrazou Max para facer trasnadas?
2. Que castigo lle puxo a nai a Max?
3. En que se convertiu o seu cuarto?
4. Canto tempo lle levou ó protagonista chegar ó “Lugar onde viven os monstros”?
5. Por que decidiu Max marchar daquel lugar onde era o rei?

6. Do conto extraemos o seguinte fragmento:

“Os monstros ruxiron os seus terribles ruxidos e rincharon os seus terribles dentes e reviraron os seus terribles ollos e amosaron as súas terribles gadoupas.”

Rodea os nomes que atopas. Dámosche unha pista, son cinco.

Nomes:

7. Que adxectivo se repite varias veces neste fragmento?

8. Agora tócache debuxar! Debuxa o monstro que máis medo che dé de todo o conto.